

Zeltia Burgos Tortosa, Secretaria Nacional da CIG-Autónomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e no correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, en nome e representación desta organización sindical, presento as seguintes

ALEGACIÓNS DA CIG A RPT DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMONS. PÚBLICAS E XUSTIZA

1º.- Destacamos varios erros nesta RPT, xa que as áreas funcionais, das que a CIG está en contra, non están perfiladas para as xefaturas de servizo ou subdireccións, onde si llas poñen, e non no resto de postos como negociados... Solicitamos que os postos abertos a outras administracións dos grupos C1 e C2 teñen que ter o código 640 (perfeccionamento en galego) e non o 641 (iniciación de galego) como está actualmente na RPT.

2º.-Opoñémonos ás LD, máis aínda coa argumentación de *preparar a documentación do Consello da Xunta e da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos*, tendo en conta que esta mesma documentación móvese por tódalas consellarías da Xunta de Galiza e implica a un número importante de traballadores/as sen que por iso sexa necesario que sexan de LD, polo que consideramos que teñen que ser de concurso como os das demais consellerías. Caso similar e cando menos curioso é o da Habilitación de Persoal que efectúa o pagamento das axudas de custo do vicepresidente da Xunta. A pregunta que nos facemos na CIG é que "esconden" as axudas de custo do Vicepresidente da Xunta para que a cobertura dese posto teña que ser por LD? Cada vez se usa máis pola administración a palabra confidencialidade para xustificar as LD. A CIG entende que o criterio que debe rexer a labor de tódolos empregados públicos/as é a TRANSPARENCIA.

3º.-Estamos en contra da destrución de postos de traballos. Fronte a creación de 16 postos destrúense 25. Moitos dos postos de traballo que se destrúen son de limpador/a, nunha clara acción privatizadora deses traballos cun custe maior para o erario público. Solicitamos que á limpadora da Fonsagrada se lle amplíe o horario ata as 6 horas acumulando así as 3 horas do posto de limpadora que se amortiza, e revisaremos o resto dos postos co obxecto de facer novas alegacións.

4º.-Segundo a nova lei de rexistro, os traballadores/as do rexistro van ter máis traballo e sobre todo máis responsabilidades. Diante desta situación, aos responsables da consellería ocórreselles a idea "peregrina" de crear un posto de subdirector (seguramente coa intención de que el/ela saque adiante toda esa nova carga de traballo). Solicitamos a creación de postos de traballo para reforzar ese servizo fundamental para a cidadanía, así como subirlle o complemento específico para adecualo ás novas responsabilidades.

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 25/09/2018 12:56:49

ENTRADA 7599 / RX 1699737




- 5º.- Solicitamos tamén que se reunifiquen todos os postos de rexistro que aínda quedan nas distintas consellerías, así coma tamén a equiparación nos complementos de dito persoal.
- 6º.- Solicitamos que coloquen todos os postos de condutores baixo a dependencia directa do parque móbil de Vicepresidencia, e non só dous postos como pretendem facer agora.
- 7º.- Solicitamos que se cumpra a lei e indiquen que praza da RPT vai realizar funcións estatísticas.
- 8º.- En cumprimento da lei de arquivos, solicitamos a creación do arquivo central da consellería coa súa correspondente dotación de persoal. A carga e o volume de traballo fai necesaria a creación nesta RPT de, como mínimo, prazas de técnicos/as de arquivos nos arquivos xudiciais de Santiago, Ferrol e Vigo.
- 9º.- A CIG esta en contra da cobertura por LD dos niveis 26 e inferiores, e máis se non está debidamente xustificado.
- 10º.- Solicitamos que se lle engada o complemento de especial responsabilidade aos traballadores/as do IMELGA, xa que hai sentenzas que así o ditaminan.
- 11º.- A CIG oponse a que o permiso de condución sexa RI, pois o acordo no cal estaba recollido non foi publicado en ningún sitio e ademais só era válido por un período de dous anos. A maiores, ao ser un RI, se por calquera motivo a persoa que está nese posto deixase de ter o permiso de conducir non podería continuar no posto por incumprir dita condición.
- 12º.- Solicitamos eliminar a dispoñibilidade horaria do acordo do Consello da Xunta do 30/12/2008 por non existir publicidade do citado acordo e por ter unha validez de dous anos, como expuxemos no punto anterior.
- 13º.- As prazas denominadas xeral/especial, teñen que ser xeral/escala (como máximo dúas escalas).
- 14º.- Solicitamos se nos acheguen as táboas de creación e de modificación segundo a circular 5/95.
- 15º.- No edificio xudicial de A Parda hai unha vacante de limpadora que estivo cuberta por unha persoa chamada das listas polo decreto 37/2006. Esta persoa renunciou á praza hai uns días. Semella que a administración non vai solicitar a cobertura de novo porque queren amortizala. As prazas de limpadora neste edificio xudicial son 6 con xornada de catro horas. A maiores hai outra limpadora que se xubila en novembro, co que quedarían 4 de 6. Por este motivo, solicitamos que as 4 horas da praza vacante se acumulen en 4 das cinco limpadoras que hai na

actualidade, incrementando unha hora de traballo a cada unha. Que a limpadora que se xubila en novembro siga a estar con 4 horas, e que cando sexa efectiva a súa xubilación tamén se acumulen as 4 horas entre as catro traballadoras que quedarían.

Compostela, 25 de xuño de 2018

A secretaria nacional da CIG-Autonómica


ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA
Zelia Burgos Tortosa

P.O. Roberto Varela Gestal

M^a RAQUEL FERNÁNDEZ YÁÑEZ

Servizo de Recursos Humanos e Réxime Interior

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza

San Caetano s/n

SANTIAGO DE COMPOSTELA